

Número 5 - Ano 2024

ACTA

da sesión Extraordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

1 de febreiro de 2024

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás trece horas e oito minutos do día un de febreiro de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenenta de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Concelleira Delegado de Relacións Institucionais; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac1696640819783899296.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 1-2-2024

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 29 de xaneiro de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/15 ORZAMENTO XERAL 2024. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA.

2/16 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS ACORDOS NÚMEROS 4/76 E 5/77, ADOPTADOS NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVOS Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓN PERMANENTES ORDINARIAS E ESPECIAIS DO PLENO.

3/17 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/78, ADOPTADO NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO ÁS ASIGNACIÓN POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓN A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓN ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/15 ORZAMENTO XERAL 2024. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA.
--

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 24 de xaneiro de 2024, do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES QUE OBRAN NO EXPEDIENTE

❖ Aprobación inicial do Orzamento Xeral.

O Excmo. Concello Pleno do Concello de Lugo, na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2023, adoptou, entre outros, o acordo 4/157 polo que se aprobou inicialmente o Orzamento Xeral así como o cadro de persoal e a súa documentación complementaria para o ano 2024.

❖ Anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 298 de 30/12/2023, de *exposición pública* polo prazo de quince días hábiles do Orzamento Xeral ao efecto da presentación de reclamacións polos interesados.

❖ Alegacións ao Orzamento 2024

A xefa de Negociado de de Rexistro, o 24 de xaneiro de 2024, emitiu un informe relativo sobre as reclamacións presentadas ao orzamento xeral da Corporación para a anualidade 2024, que a continuación se detallan:

- Reclamación presentada o 21 de xaneiro de 2024 por don Manuel Cerdeira Canteiro (nº de rexistro 202499900001624), con DNI nº 33.319.994-D, que actúa na súa condición de Presidente da Xunta de Persoal do Concello de Lugo.

- Reclamación presentada o 22 de xaneiro de 2024 por don Manuel Pardo Fernández (nº de rexistro 202400000003655), con DNI nº 33.856.476-Q, que actúa en nome e representación do Sindicato de Empregados Públicos AFI-USO na súa condición de secretario de dita sección sindical.

- Reclamación presentada por dona Laura Teijeiro Lamela (nº de rexistro 202499900001625), con DNI nº 33.342.392-M, o 22 de xaneiro de 2024.

- Reclamación presentada o 19 de xaneiro de 2024 por don Juan Alberto Losada Díaz (nº de rexistro 202499900001488), con DNI non especificado, que actúa na súa condición de Presidente da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo.

- Reclamación presentada o 19 de xaneiro de 2024 por don Francisco Dorado (nº de rexistro 202499900001497), con DNI nº 33.807.984-P e don Ramón Alonso, co DNI nº 33.327.842-Z que actúan como conselleiros delegados da Asociación de empresarios do Polígono de O Ceao-As Gándaras de Lugo.

❖ **Informe da Intervención Xeral Municipal Ref.: 45/2024 do 24.01.2024**

❖ **Acordo da Xunta de Goberno Local 9/20 do 24.01.2023**

Vistos os antecedentes anteriormente relacionados, **propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:**

PRIMEIRO: Declarar a admisión das alegacións presentadas en base ao artigo 170.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, admitíndose deste xeito a condición de interesados dos asinantes das distintas alegacións, e tendo en conta que as reclamacións foron presentadas dentro do prazo sinalado na lexislación en vigor, sendo de aplicación o disposto no artigo 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO: Desestimar a reclamación presentada o 21 de xaneiro de 2024 por don Manuel Cerdeira Canteiro, actuando na súa condición de Presidente da Xunta de Persoal do Concello de Lugo, ao non basearse en ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

TERCEIRO: Desestimar a reclamación presentada o 22 de xaneiro de 2024 por don Manuel Pardo Fernández, actuando en nome e representación do Sindicato de

Empregados Públicos AFI-USO, na súa condición de secretario de dita sección sindical, ao non basearse en ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

CUARTO: Desestimar a reclamación presentada por dona Laura Teijeiro Lamela o 22.01.2024, ao non basearse en ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

QUINTO: Desestimar a reclamación presentada o 19 de xaneiro de 2024 por do Juan Alberto Losada Díaz, que actúa na súa condición de Presidente da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, ao non basearse en ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

SEXTO: Desestimar a reclamación presentada por don Francisco Dorado e don Ramón Alonso o 19 de xaneiro de 2024, que actúan como conselleiros delegados da Asociación de empresarios do Polígono de O Ceao-As Gandaras de Lugo, ao non basearse en ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

SEXTO: Aprobar definitivamente -unha vez rematado o prazo de exposición pública para a presentación de alegacións e resoltas estas- O ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO PARA O EXERCICIO 2024, que ascende nivelado en ingresos e gastos a 121.855.425,00 euros.

SÉTIMO: Aprobar definitivamente o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

OITAVO: Aprobar definitivamente as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2024.”

2.- DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía e Sostibilidade Urbana e Recursos Internos, emitido na sesión celebrada o día 29 de xaneiro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar a admisión das alegacións presentadas en base ao artigo 170.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, admitíndose deste xeito a condición de interesados dos asinantes das distintas alegacións, e tendo en conta que as reclamacións foron presentadas dentro do prazo sinalado na lexislación en vigor, sendo de aplicación o disposto no artigo 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.- Desestimar a reclamación presentada o 21 de xaneiro de 2024 por don Manuel Cerdeira Canteiro, actuando na súa condición de Presidente da Xunta de Persoal do Concello de Lugo, ao non basearse en ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

TERCEIRO.- Desestimar a reclamación presentada o 22 de xaneiro de 2024 por don Manuel Pardo Fernández, actuando en nome e representación do Sindicato de Empregados Públicos AFI-USO, na súa condición de secretario de dita sección sindical, ao non basearse en ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

CUARTO.- Desestimar a reclamación presentada por dona Laura Teijeiro Lamela o 22.01.2024, ao non basearse en ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

QUINTO.- Desestimar a reclamación presentada o 19 de xaneiro de 2024 por do Juan Alberto Losada Díaz, que actúa na súa condición de Presidente da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, ao non basearse en ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

SEXTO.- Desestimar a reclamación presentada por don Francisco Dorado e don Ramón Alonso o 19 de xaneiro de 2024, que actúan como conselleiros delegados da Asociación de empresarios do Polígono de O Ceao-As Gandaras de Lugo, ao non basearse en ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Aprobar definitivamente -unha vez rematado o prazo de exposición pública para a presentación de alegacións e resoltas estas- O ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO PARA O EXERCICIO 2024, que ascende nivelado en ingresos e gastos a 121.855.425,00 euros.

OITAVO.- Aprobar definitivamente o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

NOVENO.- Aprobar definitivamente as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2024.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra o voceiro do Goberno, señor ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Grazas, alcaldesa. Bos días a todos e a todas. Neste pleno estamos a falar da resolución das reclamacións presentadas ao orzamento xeral para o ano 2024 e se procede á aprobación definitiva do mesmo. E como posteriormente me referirei ao Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais, cómpre recordar o seu artigo 170 que no seu apartado 2 di textualmente. Unicamente porán entablarse reclamacións contra o orzamento: a) por non axustarse á súa elaboración á aprobación e os trámites establecidos nesta lei, b) por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, e c) por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados, ou ben desto respecto das necesidades para as que está previsto.

Logo de ver o contido deste artigo na fase de alegacións unicamente deberan admitirse con esa natureza e, de ser o caso, estimarse ou desestimase polo pleno da Corporación aquelas que se baseen nalgún dos sinalados supostos.

Nas cinco reclamacións presentadas respecto da competencia e prazos pódese admitir a condición de interesados dos asinantes das distintas alegacións presentadas.

Ademais, todas as reclamacións foron presentadas dentro do prazo sinalado na lexislación en vigor.

Por iso procedería a admisión a estudo das cinco reclamacións presentadas. Para análises do contido de cada unha delas, podémolas agrupar como segue.

Primeiro as alegacións que se refiren a cuestións de persoal. Son dúas. A reclamación presentada por Don Manuel Cerdeira Canteiro, como presidente da Xunta de Persoal do Concello de Lugo, e a reclamación presentada por don Manuel Pardo Fernández como secretario da Sección Sindical do Sindicato de Empregados Públicos AFI-USO. As bases da execución do orzamento, como documento que obrigatoriamente ten que acompañalo, teñen como única finalidade a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria, a organización e circunstancias da propia entidade local, así como daqueles outros extremos necesarios para a súa correcta xestión.

Pero en ningún caso poden comprender preceptos da orde administrativa ou laboral que legalmente requiran trámites específicos distintos dos previstos para o orzamento e que, en todo caso, terán cabida ou non nas súas propias regulacións.

En consecuencia, como as propias alegacións presentadas claramente non responden a ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do decreto antes mencionado, procedería a desestimación das reclamacións presentadas.

En segundo lugar, respecto das alegacións que non se refiren a cuestións de persoal, neste caso traemos en primeiro lugar, pola súa similitude argumental, dúas xuntas. A reclamación presentada por dona Laura Teijeiro Lamela e a reclamación presentada por don Juan Alberto Losada Díaz, que actúa na súa condición de presidente da Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Lugo.

Na primeira, no seu escrito, a reclamante relata as circunstancias que supostamente están acaecendo en relación cos animais que se atopan nas instalacións da sociedade protectora.

Remata solicitando que os orzamentos inclúan a necesidade urxente de construción dunhas novas instalacións para a correcta custodia dos animais.

En termos similares, na segunda reclamación solicítase a inclusión dunha partida no capítulo 6 para a construción dunhas novas instalacións que cuantifican 773.663 euros. Nestas alegacións non se realiza mención ningunha ao suposto concreto do relacionado no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, no que se basean as respectivas reclamacións. E cómpre recordar que a reiterada xurisprudencia ten asentado que para que puidese prosperar unha alegación baseada nese motivo, sería necesario que existise un dereito recoñecido legal ou administrativamente.

Nos escritos presentados por ambos alegantes non consta documento ou título que recoñeza dereito algún e correlativa á obriga municipal en términos líquidos, cuantificados e concretos, vencidos e esixibles.

Por estas razóns procedería á súa desestimación.

Por último, respecto da reclamación presentada por don Francisco Dorado e don Ramón Alonso, que actúan como conselleiros delegados da Asociación de Empresarios do Polígono do Ceao-As Gándaras, de Lugo, é necesario ter en conta que a propia alegación presentada non responde a ningún dos supostos relacionados no antes mencionado artigo 170.2, polo que procedería á desestimación da reclamación presentada.

En resumo, á vista dos contidos das reclamacións, a lexislación antes mencionada, e en consoancia co informe da Intervención Xeral municipal, propónse desestimar as cinco reclamacións por non basearse todas elas en ningún dos tres supostos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo, 2/2004, de 5 de marzo, antes mencionado.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Ben, pois moitas grazas e bo día a todos e a todas.

Sendo o máis concisa e cinguíndome ao tempo, vou intentar explicar da maneira máis clara posible por que estamos en contra de que se desestimen estas alegacións e porque ademais entendo que deberían de ser recollidas e melloradas os orzamentos.

Vaia por diante a reflexión que me parece de suma importancia, que alegan o documento máis importante para o ano 24, que son os orzamentos deste concello. A todo colectivo sensibilizado e preocupado polo benestar animal que dunha maneira clara, eu voulle quitar o de supostamente, dunha maneira clara non se respecta neste concello. E tamén, dende logo, non menor, unha reclamación dos representantes dos empresarios autónomos e emprendedores deste concello de dous polígonos industriais, que son o pulmón económico desta cidade.

Contextualizo iso para insistir na importancia destas alegacións. E entro no contido. Efectivamente, desestímanas vostedes aludindo ao artigo 107.2. E eu voume parar no apartado B, onde xustificaría, dende o noso criterio, estimar estas alegacións,

porque entendemos que estes orzamentos omiten o crédito preciso para o cumprimento dunha obrigación esixible á entidade local.

E circunscribo, en primeiro lugar, a unha competencia exclusiva que ten o Concello no abastecemento de auga e aí cito o precepto legal: a Lei de Bases de réxime local, concretamente o artigo 25, apartado 2. O municipio exercerá en todo caso como competencia propia no apartado c) abastecemento de auga potable a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais e un tema non menor no apartado f). A prevención e extinción de incendios.

Por conseguinte, entendemos que aínda que os recursos son escasos, susceptibles de usos alternativos, onde debemos priorizar é onde haxa un precepto legal que nos obrigue a cumprir.

E en segundo lugar, no apartado da protección do benestar animal, tamén vou darlle o título legal que obriga, insisto, que obriga. a lei 4/2017 de protección e benestar de animais de compañía... Ademais, concretamente no seu artigo 6 deriva a responsabilidade ás alcaldías dos Concellos e á recén norma estatal de 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar animal, que no artigo 22, dunha maneira tamén sen discusión, di que corresponderá aos concellos a recollida de animais extraviados e abandonados e o seu aloxamento no Centro de Protección Animal.

Non nos cabe ningunha dúbida ao Partido Popular que estas dúas competencias son exclusivamente municipais e non nos cabe tampouco ningunha dúbida que hai un precepto legal que o di dunha maneira clara.

No relativo ás alegacións dos representantes dos traballadores, que vou a ser máis breve, hai un tema tamén que nos preocupa, sendo ademais unha peza clave no funcionamento da administración local e os seus recursos humanos.

Máis alá da razón xurídica que vostedes xustifican en excluíla, a pregunta é: por que se elimina ese precepto e a reflexión máis importante que tamén traio a colación neste debate, por que se fai sen consenso, por que os traballadores teñen que recorrer a ese estudo detallado das bases de execución de orzamento e se enteran de maneira... Con nocturnidade e alevosía... Que se elimina un precepto que lles afecta. E aí é onde fago un tirón de orellas, porque teño que dicirle, ademais, que estaba depositado en vostede unha certa esperanza de que ese cambio de diálogo e de consenso imperase na negociación cos traballadores.

Dito isto, e insisto, esa era a parte xurídica, e agora imos á parte política. Nomeadamente gustaríame dirixirme á alcaldesa, que neste momento tiña unha oportunidade de rectificar. En vez de rectificar e destinar os recursos, insisto, a competencias propias e a abordar problemas de seguridade, insisto, de seguridade. Non estamos falando de proxectos de pinta e coloreo, pois ratifícase no erro e pretende continuar cuns orzamentos que ignoran a protección dos animais, que ignoran a seguridade... E se mañá volve ocorrer. Esperemos que non, pero podería pasar, un incendio no polígono do Ceao, as mesmas advertencias que o informe de enxeñería do 23 de xullo do 2021 deixaban dunha maneira clara e explícita... A iso tamén me referirei na segunda intervención, pois vostedes seguen perpetuándose no erro de desprotexelos economicamente. E creo que se equivocan. Iso é unha decisión política, non xurídica, creo que se equivoca e repiten o erro. Repiten o

erro. E evidentemente acabarán aprobando uns orzamentos que non se axustan ás necesidades...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Doulle a palabra ao portavoz do Goberno.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Vou empezar polo final. Este pleno é para debater as reclamacións, non para facer unha nova exposición sobre feitos que xa están aprobados nun pleno e no que tivo a oportunidade de facer todas as indicacións que vostede quería, pero xa estamos habituados a que se alonguen dos procedementos establecidos, cando non fan proposicións ilegais como xa se xa fixeron tamén neste pleno.

Aquí non toca debater sobre o contido do orzamento. Toca debater sobre a conveniencia de incorporar as reclamacións ou desestimalas.

Os orzamentos xa dispoñen de presuposto para cumprir todo o que o goberno municipal considera nesas apartados que vostede menciona. De feito, de feito, nos últimos cinco anos esa sociedade protectora de animais, a asociación Michos levan recibido do Concello máis dun millón de euros en cinco anos.

Non creo que se poida dicir que o Concello non ten en conta o benestar animal.

Igual outras administracións que non aportan nada poderían estar tamén cumprindo nesa situación.

E, mire, no tema das alegacións destas empresas, trátase das dúas ou ben da esixencia dun destino concreto para partidas que xa están incluídas nos orzamentos e que ademais son competencia exclusiva do goberno municipal, do executivo, e non teñen cabida neste momento procedemental, por moito que vostede pretenda facelo. Ou ben, outras inclúen importes para determinadas actuacións baseadas en criterios de oportunidade, sen que o trámite de alegación estea previsto legalmente para constituírse nunha sorte dunha segunda instancia para abrir un novo debate sobre o orzamento.

Xa tivemos unha oportunidade para iso, que igual vostedes desaproveitaron.

E todo isto é independente da implicación do goberno local co tecido empresarial e coa protectora de animais e coa asociación Michos, como digo, que 200.000 euros ao ano recibe a protectora por parte do Concello. Ademais, xa se dixo en ocasións anteriores que nestes exercicios se licitará a redacción do proxecto para converter o antigo matadoiro na nova sede para cuxa execución buscamos neste momento diferentes vías de financiamento, entre elas concorrendo á próxima convocatoria dos Next Generation. Pero ademais, mire, voulle dicir unha cousa mirando para persoas que poden pertencer á asociación. Na reunión da Comisión Permanente de contas que celebramos o luns, non sei se o sabe, porque este non estivo presente, aínda que pertence á mesma, di textualmente:

"A comisión por unanimidade, incluídos os catro membros do Partido Popular, ditamina favorablemente a proposta que se leva a consideración do Excelentísimo Concello de Lugo".

Porque din unhas cousas e despois fan outras? Ou é que non saben...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Por favor, silencio. Doulle... Por favor, señora Carballas, doulle a palabra á voceira do Partido Popular. Ten a palabra.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Co debido respecto, e por suposto coa exquisita educación que intento aplicar en cada debate, porque eu si creo que vostede di as cousas porque as sabe e as prepara. Poderá cometer erros coma calquera, pero debe respectar o traballo de todo o mundo.

Vostede sabe que o que se levou é perfectamente un acordo que ademais se puntualizou antes de votar. Pero non me vou despistar neste tema. Este grupo presentou alegacións ao orzamento, varias, dúas delas coinciden con dúas das alegacións que se presentan agora aquí.

Na primeira quenda, da maneira máis clara que puiden ou souben, intentei explicarlle que, sobre este Concello, sobre esta administración, cae unha obriga legal de competencia exclusiva para atender estas dúas necesidades.

Tampouco intente confundir dicindo que en cinco anos se deu unha axuda dun millón de euros, porque, ademais, se se me permite esta reflexión, parece ata que dubide vostede da correcta administración desa subvención por parte da entidade.

E iso fraco favor lle fai, porque, evidentemente, ademais de ter unhas instalacións deficientes, o mantemento deste servizo, ten uns custos. Ten persoal contratado, os animais enferman, os animais comen, e para iso se destina esa subvención que vostedes fiscalizan e que sabe perfectamente cal é o destino de cada euro. Así que quero tamén que neste pleno, gustárame ademais que constara en acta, agradecer o traballo absolutamente xeneroso, desinteresado, de moitísimos voluntarios e da propia directiva que traballa para corrixir e para dar un servizo que vostedes de maneira continuada durante moitos anos lle dan a espalda.

E quero ademais insistir en que son aspectos de seguridade, que vostedes van votar, que non se estimen estas alegacións e que non se destinen fondos para mellorar as instalacións da protectora, para corrixir os problemas que hai de presión e de abastecemento de auga no Ceao, a sabendas de que en ambas das áreas se está producindo un incumprimento da normativa. E aquí vou puntualizar ademais no apartado do abastecemento de augas. O señor voceiro no anterior pleno acusábanos de distorsionar datos, de xerar alarmismo e dicía que non tiña ningunha información nin ningunha queixa en canto ao subministro no Ceao.

Vou aproveitar os últimos minutos para ler o informe de enxeñería do 23 de xuño do 21:

Á vista da situación actual e da análise realizada pode concluírse que tanto a antigüidade da rede de abastecemento do Ceao como réxime de funcionamento da mesma, en canto a presión hidráulica en funcionamento fan necesario planificar a renovación da infraestrutura.

Isto é explicar e argumentar as cousas con rigor. Tratarnos de que nós...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Moitas grazas, señora voceira.

Ten a última quenda o voceiro do Goberno.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Mire, señora Candia, creo que son bastante educado nas miñas intervencións, pero o que non lle vou consentir é que poña na miña boca cousas que non digo. En ningún momento eu deixei en entredito a xestión da Sociedade protectora de animais e plantas de Lugo. Iso. Iso si é unha falta de respecto. Dicar e poñer na miña boca o que eu non digo. Vale?

E non son incumprimentos. Son decisións de xestión. O Concello aporta orzamentos e cartos para eses servizos que vostede di.

Vostede pode ter unha idea diferente de utilizalos dun xeito, de investir máis ou menos. Son decisións do executivo. Non son incumprimentos. Vale? Entón en base a todo o anterior, cumprindo todos os trámites legais, aínda que vostede diga o contrario, e rematado o prazo, o que propoñemos é aprobar a proposta da alcaldía, que xa vostedes aprobaron que está recollido na acta por moito que digan o contrario, e está gravada, está gravada a conversa. As conversas todas do pleno, digo, propónse aprobar a proposta da alcaldía coa resolución das reclamacións presentadas ao orzamento xeral, que xa foi aprobado inicialmente, a aprobación definitiva do cadro persoal e a aprobación definitiva das bases da execución do orzamento xeral de 2024. Grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, pois quería facer un par de de apreciacións simplemente. O que se está debatindo aquí neste momento é a resolución das alegacións ao orzamento do 2024. Aquí non se está entrando no contido porque, como xa lle dixeron, parece que quere embarullar un pouco a voceira do Partido Popular, foron admitidas, porque legalmente eran interesados para facelas, foron admitidas a trámite. Fíxéronse en tempo e forma e, polo tanto, por iso se admitiron, pero se desestiman, non por unha cuestión política como vostede pretende darlle a volta e dicir que é cuestión política. Non.

Xuridicamente, e vostede debería sabelo, seguramente o sabe, pero interésalle, como sempre, facer este ruído, porque eu estou convencida que vostede o sabe. Para poder estimar esas alegacións, teñen que estar dentro do suposto que establece o artigo 170, e non 107 como dicía vostede... 170.2 do texto refundido da Lei de Facendas Locais. Aquí se se admitisen podía entrarse, pero non por ser admitidas, pero non por unha cuestión política, como vostede pretende, senón por unha cuestión xurídica, de técnica xurídica.

Polo tanto, non diga, señora alcaldesa, vostede faime unha solicitude de rectificar. Entón si estaría procedendo de maneira ilegal. Porque aquí non entra dentro dos supostos que establece o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

Polo tanto, non intente enmarañar porque iso non é certo, e ademais falar de proxectos de pinta e colorear é unha falta de respecto, unha vez máis, ao traballo desenvolvido de maneira pertinaz e contundente polo noso goberno, que tamén quería dicir, moito talante, moita educación, pero proxectos de pinta e colorear. Iso nun pleno... Porque que o diga vostede na rúa pois xa non estaría ben, pero nun pleno municipal é unha falta de respecto ao traballo de todos os nosos compañeiros que tamén quero dicir. De todas formas, tamén quero dicirlle que desde o punto de vista político nós imos seguir na folla de ruta, na folla de ruta que lle trasladamos ao

presidente da asociación, que está alí, en numerosas ocasións. Si é certo, como di o concelleiro, que nestes cinco anos que levo eu, por exemplo, levamos un millón de euros. E non levamos máis porque temos un presuposto, temos un orzamento, que estimamos que dedica a parte que pode, porque é unha das subvencións máis altas que ten este Concello, non o olvidemos, unha subvención nominativa das máis altas. E seguiremos traballando por elo.

Imos seguir coa nosa folla de ruta, señora Candia, e tamén me dirixo ao presidente que está alí e quero que o saiba. Nós imos seguir buscando ese diñeiro para facer iso, porque nós si somos sensibles a iso. Moi sensibles, e iremos a onde faga falta para conseguir eses diñeiros, porque somos sensibles á situación que ten actualmente a protectora de animais.

Por iso tamén quero dicirlllo publicamente. Respecto ao da dúbida que poñía vostede, non teño máis que apoiar ao campañeiro de goberno. Aquí nunca se puxo en dúbida iso, nunca. Iso sácao vostede aquí neste momento, pero nunca se puxo en dúbida a boa labor e o bo traballo que está facendo a Asociación que está xestionando. E todos sabemos a situación. E que de repente saque vostede tamén outro tema que aí xa se ve como é. O que se trata de facer, o que se trata de marear... Subministros do Ceao...

Está ben. Temos unha serie de alegacións que, pola mesma razón, que pola mesma razón, pero tratar neste último momento de vir a sacar un informe, cando sabe que teñen que ser desestimadas por unha cuestión técnica, non de contido. Por certo, quero tamén poñer no coñecemento de todo o goberno e de vostede mesma, da voceira da oposición, que xa temos a axendada esa reunión co presidente e os membros da Asociación do Ceao e das Gándaras, precisamente para tratar todos eses temas.

Pero dende logo aquí non se poden traer, como vostede ben sabe, aínda que trata de eludilo, aquí trátase de se se poden estimar ou desestimar as alegacións.

Aquí se desestiman como lle digo, unha vez máis, non por cuestións políticas senón por cuestións técnicas, de técnica xurídica.

Como vostede debería saber.

2/16 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS ACORDOS NÚMEROS 4/76 E 5/77, ADOPTADOS NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVOS Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS E ESPECIAIS DO PLENO. Exp.: 2024/G004/000044.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 24 de xaneiro de 2024, do seguinte teor literal:

“Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- Acordos 4/76 e 5/77, adoptados polo Excmo. Concello Pleno na sesión extraordinaria de organización celebrada o día 26 de xuño de 2023, relativos á creación e composición das Comisións Permanentes Ordinarias e Especiais do Pleno.

2.- Toma de posesión, trala renuncia da anterior titular, de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo como Alcaldesa deste Excmo. Concello de Lugo efectuada no Pleno extraordinario celebrado o día 18 de xaneiro de 2024.

3.- Decreto número 464/2024, do 19 de xaneiro de 2024, polo que se establece unha nova organización municipal, na que se modifican, entre outros aspectos, a denominación das área municipais.

E tendo en conta o disposto nos artigos 117 e seguintes do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo (ROMP), no que se establece “*O Pleno acordará a creación, o número e a denominación das comisións previstas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en función do número de concelleiros e/ou concelleiras que teñan no Pleno, e os concelleiros e/ou concelleiras non adscritos, de acordo co previsto neste regulamento e nos seus acordos de creación*”.

En virtude de todo o cal, e sendo preciso adaptar a denominación e ámbito de actuación das Comisións de Pleno creadas o día 26 de xuño de 2023 á nova organización establecida no Decreto 464/2024, PROPÓNSELLE ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

MODIFICAR os acordos números 4/76 e 5/77 adoptados na sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o 26 de xuño de 2023, segundo o seguinte:

- A Comisión Permanente Ordinaria de Transición Ecolóxica e Impulso Rural, pasará a denominarse **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación en relación coas materias comprendidas na Áreas de Transición Ecolóxica e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás naquelas materias relativas ao ámbito da cohesión social.

- A **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**, que manterá a mesma denominación, e que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación en relación coas materias comprendidas na Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás nas materias relativas ao ámbito da cohesión territorial.

- A Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía e Sostibilidade Urbana e Recursos Internos pasa a denominarse **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE**, que terá as funcións que lle asignan os artigos 115 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e 130.3 do ROMP.

Así mesmo, actuará como comisión permanente ordinaria para os asuntos relativos ás áreas de goberno con competencias en materia de Alcaldía e Planificación da Cidade e de Xestión Integral e Recursos Internos. Neste suposto, tamén asistirá ás

súas reunións a persoa titular do órgano de xestión presupostaria, de existir, cando se traten asuntos relativos ao estudo, consulta, informe, ditame do orzamento e, se é o caso, a aprobación do orzamento ou das súas modificacións.

Ás sesións da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto da Cidade asistirán, en todo caso, o Interventor ou Interventora Xeral, así como a persoa titular do órgano de xestión económico-financeira.

Logo das modificacións producidas os referidos acordos quedarán redactados do seguinte xeito:

“4/76 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS DO PLENO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 21 de xuño de 2023, do teor literal seguinte:

“De conformidade co artigo 122 do ROMP:

“1. No inicio de cada mandato -e, en todo caso, dentro dos trinta días hábiles seguintes ao da constitución da Corporación-, o Pleno, por proposta do seu Presidente ou Presidenta, acordará a creación das comisións permanentes.”

Segundo o disposto no artigo 122.3), parágrafo segundo, e 122.4) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

“122.3...

En todo caso, o Pleno...disporá de Comisións que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno.

122.4. Corresponderánlles ás comisións as seguintes funcións:

a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.

b) O seguimento da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ao Pleno.

c) Aquelas que o Pleno lles delegue, de acordo co disposto nesta lei.

...”

E, tendo en conta os artigos 117 e seguintes do ROMP, correspóndelle ao Pleno acordar a creación, o número e a denominación destas comisións.

Constituída o 17 de xuño de 2023 a Corporación municipal resultante das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, PROPÓNSELLE ao Pleno da Corporación:

A aprobación da creación e composición de COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS (artigo 121 do ROMP), de acordo co seguinte:

1.- Carácter e funcións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno asumen as funcións de estudo, informe e consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, o seguimento da xestión do Alcalde ou Alcaldesa e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ao Pleno, e as funcións resolutorias que o Pleno lles delegue.

2.- Número e denominación: créanse tres comisións permanentes ordinarias coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na Áreas de Transición Ecolóxica e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás naquelas materias relativas ao ámbito da cohesión social.
- **A COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**, que manterá a mesma denominación, e que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás nas materias relativas ao ámbito da cohesión territorial.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas seguintes áreas: Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.

3.- Composición: estarán integradas por 9 membros, de acordo co seguinte:

- 4 en representación do Grupo Municipal do Partido Popular
- 3 en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
- 2 en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Así mesmo, os grupos políticos municipais designarán un/unha suplente por cada un/unha dos/das seus/súas representantes, que substituirá á persoa titular en casos de ausencia, vacante, enfermidade ou causa que impida a súa asistencia á sesión.

Contarán cun/cunha presidente/a e cun/cunha vicepresidente/a, que serán elixidos/as de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva e nomeados polo Presidente ou Presidenta do Pleno, quen poderá exercer a Presidencia da devandita sesión constitutiva ou delegala en calquera dos seus membros.

De conformidade co artigo 137 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), o presidente das comisións poderá requirir a presenza nas sesións de persoal ou membros da Corporación, para efectos informativos.

O Secretario ou Secretaria das comisións será o Secretario ou Secretaria Xeral do Pleno, ou funcionario/a en quen delegue.

4.- Réxime de sesións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno celebrarán sesións ordinarias cunha periodicidade, polo menos, mensual. A propia comisión deberá fixar, na súa primeira reunión, a data e hora da celebración daquelas."

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 23

- **Votos a favor:** 23 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,

ACORDA:

A aprobación da creación e composición de COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS (artigo 121 do ROMP), de acordo co seguinte:

1.- Carácter e funcións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno asumen as funcións de estudo, informe e consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, o seguimento da xestión do Alcalde ou Alcaldesa e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ao Pleno, e as funcións resolutorias que o Pleno lles delegue.

2.- Número e denominación: créanse tres comisións permanentes ordinarias coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na Áreas de Transición Ecolóxica e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás naquelas materias relativas ao ámbito da cohesión social.
- **A COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**, que manterá a mesma denominación, e que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás nas materias relativas ao ámbito da cohesión territorial.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas seguintes áreas: Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.

3.- Composición: estarán integradas por 9 membros, de acordo co seguinte:

- 4 en representación do Grupo Municipal do Partido Popular
- 3 en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
- 2 en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Así mesmo, os grupos políticos municipais designarán un/unha suplente por cada un/unha dos/das seus/súas representantes, que substituirá á persoa titular

en casos de ausencia, vacante, enfermidade ou causa que impida a súa asistencia á sesión.

Contarán cun/cunha presidente/a e cun/cunha vicepresidente/a, que serán elixidos/as de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva e nomeados polo Presidente ou Presidenta do Pleno, quen poderá exercer a Presidencia da devandita sesión constitutiva ou delegala en calquera dos seus membros.

De conformidade co artigo 137 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), o presidente das comisións poderá requirir a presenza nas sesións de persoal ou membros da Corporación, para efectos informativos.

O Secretario ou Secretaria das comisións será o Secretario ou Secretaria Xeral do Pleno, ou funcionario/a en quen delegue.

4.- Réxime de sesións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno celebrarán sesións ordinarias cunha periodicidade, polo menos, mensual. A propia comisión deberá fixar, na súa primeira reunión, a data e hora da celebración daquelas."

"5/77 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ESPECIAIS DO PLENO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 21 de xuño de 2023, do teor literal seguinte:

"O artigo 122 do Regulamento orgánico municipal do Pleno (en adiante ROMP) dispón que: "1. *No inicio de cada mandato -e, en todo caso, dentro dos trinta días hábiles seguintes ó da constitución da Corporación-, o Pleno, por proposta do seu Presidente ou Presidenta, acordará a creación das comisións permanentes.*"

Á súa vez, o artigo 122.3) parágrafo segundo e 122.4) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispoñen:

"122.3...

En todo caso, o Pleno...disporá de Comisións que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en proporción ó número de concelleiros que teñan no Pleno.

122.4. *Corresponderán ás comisións as seguintes funcións:*

a) *O estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.*

b) *O seguimento da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ó Pleno.*

c) *Aquelas que o Pleno lles delegue, de acordo co disposto nesta lei.*

..."

E, tendo en conta os artigos 117 e seguintes do ROMP, correspóndelle ao Pleno acordar a creación, o número e a denominación destas comisións.

Constituída o 17 de xuño de 2023 a Corporación municipal resultante das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, PROPÓNSELLE ao Pleno da Corporación:

A aprobación da creación e composición de COMISIÓNS PERMANENTES ESPECIAIS (artigo 121.2 do ROMP), de acordo co seguinte:

1.- Carácter e funcións: as comisións permanentes especiais do Pleno rexeranse polas disposicións contidas no ROMP.

2.- Número e denominación: créanse dúas comisións permanentes especiais coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE**, que terá as funcións que lle asignan os artigos 115 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e 130.3 do ROMP

Así mesmo, actuará como comisión permanente ordinaria para os asuntos relativos ás áreas de goberno con competencias en materia de Alcaldía e Planificación da Cidade e de Xestión Integral e Recursos Internos. Neste suposto, tamén asistirá ás súas reunións a persoa titular do órgano de xestión presupostaria, de existir, cando se traten asuntos relativos ao estudo, consulta, informe, ditame do orzamento e, se é o caso, a aprobación do orzamento ou das súas modificacións.

Ás sesións da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade asistirán, en todo caso, o Interventor ou Interventora Xeral, así como a persoa titular do órgano de xestión económico-financeira.

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**, que terá as funcións que lle asigna o artigo 132 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e o disposto nos artigos 131 a 135 do ROMP.

Así mesmo, actuará como comisión permanente ordinaria para os asuntos relativos á área de goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.

3.- Composición: estarán integradas por 9 membros, de acordo co seguinte:

- 4 en representación do Grupo Municipal do Partido Popular
- 3 en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
- 2 en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Así mesmo, os grupos políticos municipais designarán un/unha suplente por cada un/unha dos/das seus/súas representantes, que substituirá a persoa titular en casos de ausencia, vacante, enfermidade ou causa que lle impida a súa asistencia á sesión.

Contarán cun/cunha presidente/a e un/unha vicepresidente/a, que serán elixidos/as de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva e nomeados polo Presidente ou Presidenta do Pleno, quen poderá exercer a Presidencia da devandita sesión constitutiva ou delegala en calquera dos seus membros.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1696640819783899296.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 1-2-2024

De conformidade co artigo 137 del Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), o/a presidente/a das comisións poderá requirir a presenza nas sesións de persoal ou membros da Corporación, para efectos informativos.

O Secretario ou Secretaria das comisións será o Secretario ou Secretaria Xeral do Pleno, ou funcionario/a en quen delegue.

